



MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A FEDERACIÓN PROVINCIAL DE AGRUPACIÓNS E ASOCIACIÓNS DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE LUGO EN MATERIA DE PROTECCIÓN CIVIL

A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, é o departamento encargado de xestionar as competencias atribuídas á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de protección civil, segundo o disposto no Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia e polo Decreto 117/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

O artigo 24 do Decreto 56/2000, do 3 de marzo (*DOG* nº 62, do 29 de marzo de 2000), modificado polo Decreto 109/2004, do 27 de maio (*DOG* nº 108, do 7 de xuño de 2004), polo que se aproban as medidas de coordinación da protección civil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, establece que a Xunta de Galicia poderá asinar convenios de colaboración con entidades públicas e privadas.

Os artigos 5.3 e 47.2 da Lei 5/2007 de emerxencias de Galicia, regulan que a Xunta de Galicia poderá subscribir convenios de colaboración con entidades públicas ou privadas co fin de facilitar a colaboración das mesmas na xestión de riscos e de emerxencias.

Antecedentes:

Entre os medios e recursos mobilizables pola Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é conveniente contar en determinados momentos, ademais dos propios, con medios alleos co fin de optimizar recursos e orzamentos, mellorando a planificación e intervención nas emerxencias ordinarias e extraordinarias que poidan darse na nosa comunidade.

A Federación Provincial de Agrupacións e Asociacións de Voluntarios de Protección Civil de Lugo conta con medios humanos das agrupacións e asociacións que a compoñen, coa experiencia necesaria na prevención de emerxencias, amosada ao longo destes anos nas actuacións realizadas en colaboración coas autoridades de protección civil da Administración Autonómica de Galicia.

Finalidade:

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar coa Federación Provincial de Agrupacións e Asociacións de Voluntarios de Protección Civil de Lugo o convenio arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o momento da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023.





O convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a citada entidade, co fin de cooperar no financiamento das actuacións efectuadas por esta no apoio á prevención, promoción, divulgación, información, formación e socorro en materia de protección civil, no ámbito territorial da provincia de Ourense, contribuíndo deste xeito á concienciación da poboación en xeral e, de maneira específica, ao persoal voluntario de protección civil da citada provincia.

O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase na necesidade de colaborar coa esta asociación nas actividades de formación e divulgación, en materia de protección civil, programadas para todos os seus asociados a través de cursos, xornadas, reunións e publicacións, páxina *web* e, de xeito singular, en actividades de autoprotección e de formación do persoal voluntario de protección civil.

Asemade, favorecer a súa participación, xunto coa administración autonómica, na organización e realización de operativos, exercicios e simulacros, no desenvolvemento dos plans territoriais e especiais de protección civil, colaborando activamente cas campañas planificadas pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, cos parques de bombeiros locais ou comarcais e cos grupos de emerxencias supramunicipais (GES).

Dado que estas funcións son exercidas de forma exclusiva na provincia de Lugo por esta asociación provincial, non é posible a aplicación dos principios de publicidade e concorrència pública, de acordo co establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes colaborará nos custos que xeran as actividades obxecto do presente convenio, reflectido no orzamento global de previsión de gastos (anexo I), con cargo á aplicación orzamentaria 06.06.212A.481.1 e e código de proxecto 2013 00763 dos orzamentos do ano 2023., por un importe de cinco mil cincocentos euros (5500 €).

Estímase que esta actuación é coherente co Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030, correspondéndose co seu:

E2 EIXE 2. GALICIA VERDE E SOSTIBLE

PA 03 Garantir unha resposta integral ás necesidades da cidadanía en materia de emerxencias
E01 Fortalecer unha resposta integral ás necesidades da cidadanía en materia de emerxencias, protección civil e seguridade pública, así como a resiliencia fronte aos riscos relacionados co clima e os desastres naturais.

OI01 Actuacións de soporte e apoio. Gastos de funcionamento

Unha vez consultada a pantalla de indicadores de proxectos do sistema contable XUMCO2, constátase que o indicador de seguimento para o proxecto 2015 00107 "Convenios con





XUNTA
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES

entidades colaboradoras de protección Civil" é o D0E005 "Poboación beneficiada pola actuación" cun valor previsto de:

D0E005- 2.695.649

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o citado instrumento convencional fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE, de 26 de febreiro de 2014, segundo especifica o seu artigo 4, ao non previsto aplicaráselle os principios recollidos no citado texto, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse.

Santiago de Compostela

Santiago Villanueva Álvarez (asinado dixitalmente á marxe)

